



FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA  
Plaza de León, nº 1-1º D  
[15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA](http://15702.SANTIAGO.DE.COMPOSTELA)  
☎ 605.115.366  
E.Mail: [Secretariafcgalega@gmail.com](mailto:Secretariafcgalega@gmail.com)



## ACTA Nº 1 XUNTA ELECTORAL FEDERATIVA

En Santiago de Compostela, sede da Federación Colombófila Galega, reúnese o día 31 de Agosto de 2018 ás Vinte horas e trinta e cinco minutos a Xunta Electoral Federativa, ca asistencia dos seus membros Sres.: José M. Coto Varela (Presidente), Juan M. Alló Puñal (Vogal) e Santiago Rodríguez Dopazo que actúa como Secretario.

O obxecto desta reunión é proceder á **proclamación definitiva dos Censos Electorais**, unha vez rematado o prazo de presentación de reclamacións ao mesmo.

O Sr. Secretario pon en coñecemento desta Xunta Electoral que as únicas reclamacións presentadas aos censos provisionais foron as presentadas polos clubs Mensaxeiras de Cambre e Circulo Colombófilo Herculino presentando en tempo e forma as actas correspondentes á aprobación dos novos presidentes de ambos clubs, sendo: D. Enrique Legal González como novo presidente do club Herculino e D. Fernando De La Fuente Evangelista como novo presidente do club Mensaxeiras de Cambre.

Así mesmo, recíbese por parte de D. Camilo Pereiro Francés a solicitude de optar polo estamento de Xuíces, xa que estaba incluído en dous estamentos.

Por último, e seguindo os criterios establecidos no Regulamento Electoral no seu artigo 6, punto 3, serán eliminados do censo provisional de Deportistas aqueles socios que estean incluídos tamén no censo de Xuíces, pasando a formar parte do censo definitivo de Xuíces.

***Polo anteriormente exposto, esta Xunta Electoral procede á aprobación e proclamación dos Censos Electorais definitivos, quedando os mesmos segundo reflíctense en arquivos anexos.***

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as vinte e unha horas e corenta e cinco minutos.

PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL

Asdo.: José M. Coto Varela

SECRETARIO DA XUNTA ELECTORAL

Asdo.: Santiago Rodríguez Dopazo